



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Secretaría

Creación bolsa emprego categoría animador sociocultural

Con data 24.07.2026 a alcaldía deste concello, ditou unha resolución acordando o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria pública para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Animador Sociocultural (ANIMADOR-26), mediante o sistema de concurso de méritos, ao abeiro do Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón (BOP nº 121 do 27.06.2023), cos seguinte requisitos:

Código	Denominación posto	Grupo	Escala	Requisitos xerais/Titulación
ANIMADOR-26	Animador sociocultural	B	Administración Especial	- Titulación: Título de Técnico Superior en Animación Sociocultural, ou titulación equivalente -Permiso de condución tipo B -CELGA 4

SEGUNDO. Dispoñer a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica municipal, concedendo un prazo de quince (15) días naturais para a presentación de solicitudes, ao abeiro do artigo 2 do antedito regulamento.

TERCEIRO. Atribuír á Comisión Permanente de Selección as funcións de valoración de méritos e elaboración das listas provisionais e definitivas, de conformidade co disposto nos artigos 6 a 9 do regulamento municipal.

A publicación das listaxes de aspirantes admitidos e excluídos, provisionais e definitivas, así como calquera outro anuncio relativo ao proceso, realizarase exclusivamente a través da sede electrónica municipal, segundo o establecido no Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón (BOP nº 121, do 27.06.2023).

Narón, 24 de xullo de 2026

A alcaldesa

Marían Ferreiro Díaz

2026/4982